

# Graffitis, arte urbana e muralismo, analizados nun pioneiro volume colectivo

FICHA TÉCNICA: 240 pp. 15'5 x 23'0 cms.  
ISBN 978-84-18567-73-5. PAPEL FSC. PVP: 23,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, INVERNO DE 2025. Analizar a **relevancia das manifestacións artísticas coñecidas como arte urbana e muralismo contemporáneo** é o obxectivo deste volume colectivo titulado *Pegadas no muro. Cultura urbana e arte nas rúas* (Alvarelllos Editora). Unha análise desde o ámbito académico, mais tamén desde o profesional e do artístico. **Non hai precedentes en Galicia dunha publicación similar**, que aborda dun xeito integral o fenómeno dos **graffitis**, da **arte urbana** e do **muralismo público**, nun contexto que abarca desde o internacional ao local.

O proxecto naceu en **Lugo** en 2024, ao abeiro dun curso celebrado na **Facultade de Humanidades**. Coordinado polas dúas investigadoras da USC que tamén coidan da presente edición, **Patricia Cupeiro** e **Miriam E. Cortés**. Colaboran neste volume **catorce especialistas** de diferentes disciplinas.

O carácter de potente **motor de cambio social** destes fenómenos culturais (como ferramenta de identidade e cohesión comunitaria), a visibilidade das **mulleres** ou a conquista de espazos **rurais** son algúns dos temas tratados. Tamén, a recente **institucionalización** do fenómeno –que fai emerxer dúbidas sobre a súa autenticidade cultural– ou as tensións entre **legalidade e lexitimidade**.

Desde **Lugo**, cidade que estes anos acadou relevancia internacional grazas a algún dos seus es-

pectaculares murais, viaxamos tamén por outras experiencias, en Galicia –**Ferrol/Canido, Lugo, Burela, Fene, Ordes, Carballo, As Pontes, Vigo ou Compostela...**– e fóra dela –**Lisboa, México e Santiago de Chile**–.

Finalmente, ata oito artistas aportan as súas creacións: desde os anónimos **Primobanksy** ou **Ferrol Mola** ata **Diego AS, Buble gum, Edu Hermida, Emi de las Heras, Pía Piadosa e Yoe33**.

## ESCRIBEN NESTA OBRA

Laura Luque Rodrigo  
Lorena Arévalo Iglesias  
Miguel Anxo Rodríguez González  
Adris Díaz Fernández  
Beatriz Fernández Herrero  
Luzia Oca González  
Aurelia Balseiro García  
Alba Díaz-Geada  
Begoña Fernández Rodríguez  
Patricia Cupeiro López  
Andrea Barreira Freije  
Clara Rodríguez Cordeiro  
Ascensión Moreno González  
Antonio Alcántara Alcántara

## Para contactar coas coordinadoras:

**Miriam Elena Cortés:** [miriamelena.cortes@usc.es](mailto:miriamelena.cortes@usc.es)  
**Patricia Cupeiro:** [patricia.cupeiro@usc.es](mailto:patricia.cupeiro@usc.es)

cultura urbana e arte nas rúas  
**pegadas no muro**

Patricia Cupeiro López e  
Miriam Elena Cortés López (eds.)

